

## **ACTA XUNTA ORDINARIA DE FACULTADE**

**Sesión do 12 de febreiro de 2016**

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnense os membros da Xunta de Facultade, o venres 12 de febreiro de 2016, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, coa seguinte

### **ORDE DO DÍA**

- 1. Lectura e aprobación da acta anterior (17 de decembro de 2015)**
- 2. Informe da Decana**
- 3. Valoración e aceptación, se procede, da prórroga da política do PDI e PAS (procedemento PE02)**
- 4. Proposición dun representante da sociedade para a Comisión de Calidade**
- 5. Aprobación, se procede, de actividades extraacadémicas**
- 6. Rolda de intervencións**

- 1. Lectura e aprobación da acta anterior (17 de decembro de 2015)**

Apróbase a acta da sesión anterior por asentimento.

- 2. Informe da Decana**

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Desculpa a ausencia de: Ladislao Castro, María López (cita médica), Beatriz Vaquero (reunión en Vigo) e M. Carmen Fernández (obrigas laborais).
- Na pasada xunta de facultade acordamos que íamos editar un volume como homenaxe á profesora Mercedes Durany. A realidade é que no decanato estamos moi desbordadas de traballo, polo que pensamos outras alternativas diferentes, así propoñemos organizar un acto que constaría de dúas partes: unha conferencia impartida por un profesor desatacado da área de Historia Medieval, en concreto o profesor Cortázar e un concerto de música medieval. Este acto sería aberto a toda a comunidade universitaria e se faría coincidir co aniversario do seu finamento, arredor da primeira semana de maio.  
Aos presentes lles parece ben esta iniciativa e apoian a realización deste acto.

O profesor Jesús de Juana suxire que si Mercedes tiña algún documento inédito, podería editarse un cuaderniño. Acórdase preguntar á Área de Medieval.

- O 29 de marzo celebrárase o día da Auga no campus. A Facultade de Dereito levará este ano o maior protagonismo da celebración, aínda que colaboran todos os centros.

Haberá, entre outras actividades, unha mesa redonda sobre as titulacións do campus na que participarán os decanatos e direccións e unha presentación das investigacións desenvolvidas no marco do Campus da Auga. Ademais se convocará un concurso foto-relato.

A profesora Beatriz Comendador suxeriu unha exposición co traballo AquaTempo, pero como xa hai unha programada, a exposición será en power point. Ela non pode asistir xa que ten docencia en Santiago polo que solicítase a colaboración de algún docente que participara na súa elaboración; no caso de que ninguén se anime o fará a decana, aínda que ela xa estará presente na mencionada mesa redonda.

- Informa de que vai saír a convocatoria de Docencia, relacionada coa Área de Calidade. O plan acadou o grao de certificación do ACSUG e a Universidade de Vigo era a única que non a estaba convocando.

Terá dous apartados, un obrigatorio e anual e outro opcional e quinquenal. O anual conterá 68 ítems e substitúe ao VAD e incidirá no orzamento do contrato programa. Nos pedirán datos aos centros que non teñen en canto saia a convocatoria que será para a semana que vén. Valoráranse, entre outros, as direccións do TFG e das prácticas que antes nos computaban no VAD.

Para obter o certificado opcional, é importante a actividade docente desempregada; elo implica que as persoas que ocupan cargos de xestión non deben solicitalo, ata os 5 anos posteriores ao remate do seu cargo. A obtención deste certificado tamén inflúe no centro, ao incidir positivamente no contrato programa, e nos complementos da Xunta. Agárdase que a convocatoria saia no mes de xullo.

A dirección dos centros e dos departamentos terán que realizar informes dos solicitantes, ademais dun autoinforme que fará o docente. Só o poderá solicitar o profesorado con docencia a tempo completo e cun mínimo de horas de docencia por curso. No caso de que houbera moitas solicitudes estudarán outros filtros, pero non contan con elo.

- A decana informa de que hai previstas varias actividades no centro, entre elas as xornadas “Quando Mario conoció a Clío” que serán o 24 e 25 de febreiro. As organizan a delegación de alumnos e farán unha exposición, unhas conferencias no salón de graos, así como o torneo do videoxogo Age of Empires, e dependendo do tempo que faga, unha escenificación no exterior. A facultade colaborará pagando os gastos da exposición.

- A semana pasada reuniuse a Comisión de Calidade coa finalidade de realizar unha planificación do traballo a desenvolver en relación coa acreditación de título y coa certificación do SIGC; a participación nesta comisión da alumna egresada Marta

López, que forma parte dos tribunais de avaliación do sistema de calidade é de gran axuda. Ela explicou nesa xuntanza os aspectos básicos dos dous procesos parellos que imos atravesar e que consistirán na avaliación por un tribunal externo da aplicación da Memoria do grao en Xeografía e Historia e da posta en práctica da Calidade. Estes procesos implican a toda a comunidade do centro e os membros do tribunal realizarán entrevistas tanto co alumnado, PAS e PDI.

A Área de Calidade pon a disposición do centro a unha persoa especificamente para apoiar as tarefas, co que se darán instrucións puntuais. A obtención da certificación implicará aspectos positivos para o centro, entre outros, conseguir novo alumnado.

Hai aspectos que no curso pasado obtivemos resultados positivos e que debemos, como mínimo, manter. Por exemplo os índices de participación nas enquisas de satisfacción de avaliación e no PAT.

O profesor Antonio Presedo quere recalcar que o que se acredita é o Grao en Xeografía e Historia e que implica tanto ao alumnado, PDI e PAS.

- A decana informa da importante reforma da web da facultade. Prevese que poda ser visible a semana que vén; agradecemos e agardamos todo tipo de suxestións posibles. Probablemente se porá en contacto co profesorado a persoa que a está a facer para solicitar diversa información. Nun principio non se tiña pensado contratar o mantemento externo, pero chegamos a un acordo global coa empresa encargada, ao incluír a remodelación da web do mestrado, actualmente diversificada en dúas páxinas, o que non é operativo, e nos ofreceron un prezo competitivo para a elaboración dunha única web do mestrado a cambio de contratar o mantemento da web da facultade. Consideramos a proposta positiva e aceptámola.
- Informa de que o vídeo promocional do grao en Xeografía e Historia gañou un premio nacional, en concreto ao mellor vídeo de animación do *VI Festival Europeo de Publicidad y Humor (Smile Festival)*. Nasas, a empresa de publicidade, ofreceunos ir con elas a recoller o premio pero non podemos asistir por problemas de axenda, xa que se entrega en Madrid o vindeiro xoves, 3 de marzo.
- A decana mantivo unha reunión a semana pasada co Vicerreitor de Economía e Planificación para falar sobre a financiación do Plan de viabilidade. Aseguroulle que non habería ningún problema pero que aínda non saben en que termos sairá a convocatoria, xa que ao contrario que o noso centro, houbo outros que o pasado ano non xustificaron a subvención dun xeito correcto. Neste ano haberá que cumprir requisitos específicos. Xa se está preparando a nova campaña con Nasas para a modalidade semipresencial.
- Outro apartado do plan de difusión diríxese aos centros de ensinanzas medias. Xa informamos da contratación da empresa Xeitura para levar a cabo a difusión do grao entre os distintos institutos da provincia. Temos 13 destinos seleccionados, algúns confirmados e outros pendentes. A empresa está deseñando un xogo como o Quen e quen, para dinamizar a charla e adecuala a un público adolescente.

### **3. Valoración e aceptación, se procede, da prórroga da política do PDI e PAS (procedemento PE02)**

Neste procedemento podemos inferir no referente aos cursos de formación xa que a promoción ou contratación de persoal non é función do centro. Cédelle a palabra a Beatriz Comendador, que asistiu a semana pasada na vicerreitoría a unha reunión sobre cursos de formación do PDI.

Beatriz comenta que se propuxeron diversos cursos, como por exemplo cursos de orientación para dirixir o TFG e TFM, cursos de inglés, de xestión do tempo,... Ela mesma propuxo un de transferencia do coñecemento en Humanidade. Da selección que finalmente fagan informarán para a súa realización.

### **4. Proposición dun representante da sociedade para a Comisión de Calidade**

O director do Museo Arqueolóxico declinou a súa participación na Comisión de Calidade do centro por motivos laborais. O equipo decanal pensou en proporllo a Begoña Garrido Labrador, da empresa Xeitura, que está a facer o labor de difusión do grao nos institutos e ademais é unha antiga alumna.

Se pregunta se alguén se lle ocorre outra proposta. O profesor Jesús de Juana propón a José María Eguileta, a decana afirma que se porá en contacto con el.

### **5. Aprobación, se procede, de actividades extraacadémicas**

Estase ultimando a programación das II Xornadas “Xente que fai Historia”. Serán o 1 e 3 de marzo. Se fará algo similar á primeira edición xa que tiveron bastante éxito entre o alumnado. Unha tarde se falará sobre a orientación do grao, mestrado, idiomas, alumnado, bolsas e biblioteca. A segunda xornada abriría co persoal da Área de emprego e logo haberá unha rolda de intervencións de egresados que contarán as súas experiencias profesionais.

O gasto nestas xornadas rondará os 500€, aínda que se axustará o máis posible. Se solicitará a axuda que convoca a vicerreitoría do campus para a organización de actividades extraacadémicas.

Apróbase por unanimidade a organización desta actividade.

### **6. Rolda de intervencións**

O profesor Julio Prada pregunta se o alumno Óscar Fernández (agora mesmo de Erasmus) está matriculado do TFG. A decana lle di que lle pregunte á xefa de administración xa que non temos ese dato.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14.10 horas, e de todo dou fe como secretaria.

A decana

Susana Reboreda Morillo

A secretaria

MCarmen Arribas Álvarez

XUNTA DE FACULTADE

ORDINARIA  
12/02/2016

ARRIBAS ÁLVAREZ, MCARMEN  
BARRIOCANAL LÓPEZ, YOLANDA  
CALVIÑO FREIRE, DAVID  
CASTRO LÓPEZ, LADISLAO  
CID NARVÁEZ, DANIEL  
COELLO FDEZ, M<sup>a</sup> ANGELES  
COMENDADOR REY, BEATRIZ  
DÍAZ ALONSO, XOEL  
DOMÍNGUEZ PEREIRA, M<sup>a</sup> DOLORES  
FDEZ CONTRERAS, M<sup>a</sup> CARMEN  
GÓMEZ IGLESIAS, MONTSERRAT  
GÓMEZ MANSO, BELÉN  
JUANA LÓPEZ, JESÚS DE  
LÓPEZ DÍAZ, MARÍA  
MORODO DEL RÍO, JOSE  
PÉREZ LOSADA, FERMÍN  
PÉREZ RODRÍGUEZ, FCO. JAVIER  
PRADA RODRÍGUEZ, JULIO  
PRESEDO GARAZO, ANTONIO  
REAL LÓPEZ, ARTURO  
REBOREDA MORILLO, SUSANA  
SÁNCHEZ DÍAZ, ROI  
SIXIREI PAREDES, CARLOS  
UÑA ÁLVAREZ, ELENA DE  
VALÍN FERNÁNDEZ, ALBERTO  
VAQUERO DÍAZ, BEATRIZ

ASISTENCIA	AUSENCIA XUSTIFICADA
SI	
SI	
	NO
	SI
SI	
Demitiu	
SI	
	NO
	NO
	SI
	NO
	NO
SI	
	SI
	NO
	SI
	NO
SI	
SI	
	NO
SI	
	NO
SI	
	NO
	SI